

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de setembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dous de setembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1012).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 23 e 24 de agosto de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1013).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO 19.08.11 DE NOMEAMENTO DO PERSOAL EVENTUAL DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Dáse conta da Resolución de Alcaldía do 19.08.11, que di o seguinte:

En sesión de data 22 de xullo 2011, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual ao servizo do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cese do mesmo; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás persoas propostas porlo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular para os postos de asesores:

POSTO	DEDICACIÓN	RET.BR. ANUAL	NOME
Asesor GPM Popular	Xornada completa	30.079,94.	Fco. Javier Carballeda Alonso
Asesor GMP Popular	Xornada completa	30.079,94	Ramón M ^a Forneiro Alvarez

SEGUNDO.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás persoas propostas polo grupo municipal do Partido Popular, seguidamente relacionadas, con cargo aos postos indicados:

POSTO	DEDICACIÓN	RET.BR. ANUAL	NOME
Aux.Ad. GPM Popular	Xornada completa	21.473,51	M ^a Luz Barciela Bastos
Aux. Ad. GMP Popular	Xornada completa	21.473,51	Alexia M ^a Alonso Alonso

O presente nomeamento terá efectos económicos e administrativos dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.-Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.17.06.2011.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local, dispoñendo igualmente a publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Vigo.

QUINTO.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupo político municipal do Partido Popular, aos efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(1014).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.

Dáse conta da seguinte relación de sentenzas e autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 198/2011 P.A. Demandante: D^a. CAYETANA MARÍA RUÍZ ESCUDEIRO. Obxecto: Resolución do 04-03-2011 de reclamación patrimonial (Expte.: 2640/243). Desestimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 197/2011 P.A. Demandante: D. MANUEL JOAQUÍN PEREIRA RODRÍGUEZ. Obxecto: Resolución do 16-03-2011. Sanción de tráfico (Expte.: 108701910). Desestimado o recurso.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 124/2009 P.O. Demandante: D. LUIS FERNANDO GARCÍA CASTRO. Obxecto: Resolución do 21-08-2009 de reclamación patrimonial (Expte.: 1647/243). Desestimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 96/2011 P.A. Demandante: CONTENUR, S.L. Obxecto: Resolución do 28-01-2011 de reclamación patrimonial (Expte.: 2353/243) Desestimado o recurso.

e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 80/2011 P.A. Demandante: D. PEDRO ROMERO RIAL E OUTRA. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial (Expte.: 3009/243).

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual.

f) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 107/2011 P.A. Demandante: D. JOSÉ LUIS NÚÑEZ VIDE. Obxecto: Desestimación presunta de devolución de sanción de tráfico (Expte.: 088664135) Declara rematado o procedemento.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 95/2011 P.A. Demandante: "CONTENUR, S.L." Obxecto: Resolución do 20-01-2011 de reclamación patrimonial (Expte.: 2267/243). Desestimado o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 97/2011 P.A. Demandante: D. RUBÉN HUERTAS OTERO. Obxecto: Resolución do 03-02-2011 de reclamación patrimonial (Expte.: 2978/243). Desestimado o recurso.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 93/2011 P.A. Demandante: D^a. MARÍA NIEVES PASTORIZA VILAS. Obxecto: Desestimación presunta de reposición contra acto do 22-11-2010, reclamación de danos (Expte.: 3004/243). Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das precedentes Sentenzas e Autos.

4(1015).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ: TELÉFONO 010”. EXPTE. 2054/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.07.11, o informe de fiscalización do 17.08.11, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 21.02.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 981.027,97 euros para a contratación do servizo de “Información Cidadá: Teléfono 010”, que se imputarán a partida 9240 2279900 do presuposto das anualidades seguintes:

1. Ano 2011	32.155,92 €
2. Ano 2012	192.935,50 €
3. Ano 2013	192.935,50 €
4. Ano 2014	192.935,50 €
5. Ano 2015	160.779,58 €

2º.- Aproba-lo expediente de contratación para a contratación servizo de “Información Cidadá: Teléfono 010”, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 18/01/2011 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 03/05/2011.

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

5(1016).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA MONTE DA MINA DE CASTRELOS PARA O ANO 2011. EXPTE. 5141/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.07.11, o informe de fiscalización 11.08.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá, do 26.07.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “A.V.C.D “Monte da Mina” de Castrelos (CIF:G-36623593)

2º.- Autorizar o gasto de 9.000 € con cargo á partida 9240.4890000 “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2011.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO – ASOCIACIÓN VECIÑAL,
CULTURAL E DEPORTIVA “MONTE DA MINA” DE CASTRELOS

En Vigo, -----de----- de dous mil once

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 5141 -320.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes obxectivos:

- “A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.
- A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.
- A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.
- A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxgadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.
- A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.”
- Etc...

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. Monte da Mina, así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que o Concello de Vigo e dado o importante esforzo que está a realizar esta asociación, que por un lado constitúen un referente na parroquia onde realizan as súas actividades, e por outro, a súa importante colaboración para o fomento do asociacionismo mediante a xestión do “Viveiro de Asociacións Monte da Mina”, aprecia a excepcionalidade no trámite de falta de publicidade e concorrencia na presente axuda, tratándose por tanto dunha subvención directa prevista no art. 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar na xestión do Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, así como, a promoción e fomento das actividades e proxectos concretos da propia asociación segundo a memoria que se achega na documentación complementaria a este convenio.

V.- Que a entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran xunto co expediente.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “A.V.C.D. Monte da Mina de Castrelos” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas seu local social e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

Planta 1ª

Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas *	14,60 x 7,40	108,04 m ²
Sala de xuntas *	5,45 x 5,80	31,61 m ²

Primeiro soto

Local	Medidas	Superficie
Núm. 1	9,60 x 5,60	53,76 m ²
Núm. 2	2,20 x 5,60	12,32 m ²
Núm. 3	6,00 x 8,10	48,60 m ²
Núm. 4	2,90 x 6,38	18,49 m ²
Núm. 5	6,00 x 6,65	39,90 m ²
Núm. 6	9,00 x 3,60	32,40 m ²
Núm. 7	6,10 x 5,40	32,94 m ²
Núm. 11	5,35 x 4,30	22,90 m ²

* Local en réxime compartido

*

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, namentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociación.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.
3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.
4. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.
5. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.
8. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
9. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa da concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo.
10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da “A.V.C.D. Monte da Mina de Castrelos”.
2. Conceder directamente á entidade “A.V.C.D. Monte da Mina de Castrelos” unha subvención por importe de 9.000,00 € co obxecto de financiar parte dos gastos de mantemento da asociación, de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento e desenvolvemento das actividades detalladas na memoria que achega a entidade, así como, un conxunto de accións de carácter organizativo, informativo e de coordinación que garantan o bo funcionamento do “Viveiro de Asociación Monte da Mina”.

Son gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, como por exemplo: gastos de persoal, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención etc...

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustifico a totalidade das actividades e accións programadas, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previstos no artigo 42 e ss do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa “A.V.C.D. Monte da Mina de Castrelos”.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo da concellería de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite.

Oitavo.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

- 1. Representantes do Concello de Vigo:*
 - O concelleiro de Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia.*
 - O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.*
- 2. Representantes do A.V.C.D. “Monte da Mina”:*
 - Presidente da asociación.*
 - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.*
- 3. Viveiro de Asociacións:*
 - Un representante de cada unha das asociacións participantes.*

Noveno.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención directa por razóns excepcionais.

Décimo.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- a) Solicitude de liquidación final.*
- b) Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:*

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
- Datos e lugar de celebración.
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

c) *Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*

d) *Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1)), polo importe total da subvención outorgada.*

d.1) *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.*

d.2) *Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.*

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.3) *As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.*

e) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

f) *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2011.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei

15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2011.

6(1017).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO PARA O ANO 2011”. EXPTE. 5211/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.07.11, o informe de fiscalización 18.08.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá, do 26.04.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” (CIF:G-36972024).

2º.- Autorizar o gasto de 2.885,00 € con cargo á partida 9240.4890000 “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2011.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E
A “ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO”*

En Vigo, _____ de _____ de dous mil once

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra Don Alexandre Bermúdez Iglesias, en calidade de presidente da “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, con CIF: G-36972024, e domicilio na rúa Tomás A. Alonso 185 6º G, Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente número 5211-320.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio ”, conforme á documentación presentada e o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Defensa dos intereses dos veciños*
- Organización de actividades socio-culturais*
- Mellora dos servizos da zona*
- Mellora da calidade de vida da zona*
- Actividades socio-culturais*
- Asembleas de veciños*
- Actividades de difusión dos seus fins e logros*
- Denuncias de irregularidades na zona*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos, polo que existe un compromiso, non só de garantir a participación, senón tamén de promoverla activamente. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter de sociocomunitario as cales redundan no beneficio da cidade. Tamén debe promover-la formación cidadá en novas tecnoloxías e, fundamentalmente, en Internet nos Centros Cívicos, así como, en colaboración coas asociacións cívicas.

III.-Que o Concello de Vigo, dado o importante esforzo que está a realizar esta asociación, a cal constitúe un referente no ámbito onde realiza as súas actividades, aprecia a excepcionalidade no trámite de falta de publicidade e concorrencia na presente axuda, tratándose, por tanto, dunha subvención directa prevista no art. 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dos gastos de mantemento da asociación, de xeito que este esforzo permita o fomento e desenvolvemento dun conxunto de accións de carácter organizativo, cultural, cívico e social, que veñen recollidas na documentación que se acompaña.

V.- Que a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 5211-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “ Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio ” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento das actividades previstas e, concretamente, a:

- a) Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
- b) Presentarlle ó Concello o balance anual de xestión e económico, xunto coa memoria final das actividades conveniadas conforme o indicado na cláusula 9ª.
- c) Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.
- e) Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.
- f) Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
- g) Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
- h) Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Conceder directamente á entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” unha subvención por importe de 2.885,00 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento da asociación.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta o carácter social da actividade subvencionada.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións, xa que de conformidade co disposto no apartado 2.a) do devandito precepto, trátase dunha subvención pública cuxo importe, individualmente considerado, é de contía inferior a 3.000 euros.

Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a)Solicitud de liquidación final.

b)Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- Datas e lugar de celebración.*
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- Actuacións realizadas.*
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

c) *Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*

d) *Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1), polo importe total da subvención outorgada.*

1. *Para posibilitar o control da concorrência de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.*

d.2) *Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.*

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.4) *As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.*

e) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

f) *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2011.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG. Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2011.

ANEXO 1

ACTIVIDADES SOCIOCOMUNITARIAS

1. Cursos e actividades formativas na sede da asociación:
 - o *Cursos de Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)*
2. *Obxectivos e metas: desenvolver unha campaña de sensibilización da poboación do barrio nas novas tecnoloxías.*
3. *Descrición das actividades*
 - o *Familiarización cos aparellos periféricos do ordenador*
 - o *Manexo do procesador de textos.*
 - o *Buscas pola internet*
 - o *Utilización do correo electrónico.*
 - o *Operacións básicas de manexo da impresora, manexo do scanner*
 - o *Comunicación da computadora co teléfono móbil.*
 - o *Familiarización con diversos aparellos de almacenamento de datos*
 - o *Iniciación á participación en redes sociais*
4. *Recursos humanos e materiais*
 - *Recursos humanos: enxeñeiro técnico e psicopedagogo*
 - *Recursos materiais: instalacións propias de electricidade, rede wifi, e 10 ordenadores fixos de sobremesa, 5 ordenadores portátiles, un scanner e unha impresora laser.*

O custe imputable ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” para o ano 2011, será por importe de 2.855,00 €, e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 2.855,00 €.

7(1018).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTE. 2/516.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa de SAF, do 22.08.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Jesús Rey Calveira. Expte. 516/02.

8(1019).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NO PERÍODO XUÑO E XULLO DE 2011. EXPTE. 68187/301.

Mediante escrito de data 18.08.11, cumprindo coas intrucións da base 31 de execución do presuposto en vigor, dáse conta á xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social no período de xuño e xullo de 2011, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310 / xuño e xullo de 2011

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	PROVEEDOR
10/06/11	ALUGUEIRO DE TRES CARPAS	2020000	201100040958	808,30	MANUFACTURAS MARTIN CASAL, S.L.
06/07/11	FESTA LUDICA VERAN USUARIOS SAF	2260902	201100047548	8.300,00	CLECE, S.A.
11/07/11	TALLER INTERXERACIONAL	2260902	201100048678	760,00	FCO. JOSE IGAL GARCIA
10/06/11	ACOMPAÑAMENTO SOCIAL MULLERES EN SITUACION DE RISCO	2260909	201100040961	3.231,45	ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5
06/07/11	ACOMPAÑAMENTO SOCIAL MULLERES EN SITUACION DE RISCO (XULLO)	2260909	201100047545	5.639,79	ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5
06/06/11	45 OBRADOIROS PREVEN. DROGAS	2279908	201100040049	15.730,00	ASOC. MADRO
10/06/11	3º MODULO PROGR. PREVEN. CURSO ESCOLAR	2279908	201100040963	6.804,00	INNO VACIÓN Y DESARROLLO SOCIAL, S.L.
10/06/11	19 OBRADOIROS PREVEN. DROGAS	2279908	201100040964	12.500,00	ASOC. ERGUETE
10/06/11	OBRADOIROS PREVEN. ESCOLAR	2279908	201100041113	15.660,00	ASOC. ALBORADA
10/06/11	CAMPAÑA DE BOA MAN XUÑO	2279909	201100040956	2.966,52	ITRES DESARROLLOS PUBLICITARIOS, S.L.
20/06/11	TRASLADO, MONTAXE/DESMTAXE EXP. PUERTAS	2279909	201100043194	21.210,50	INFORM. Y PROYECTOS ORIGINALES S.L. CIPO
20/06/11	DIFUSIÓN, CARTELERIA EXPO. PUERTAS	2279909	201100043195	8.789,50	PLATAFORMA 2015 Y MAS
22/06/11	DIPOSITIVO ACCESIBILIDAD PRAIAS	2279909	201100043621	18.000,00	CRUZ ROJA ESPAÑOLA
06/06/11	SERVIZO TRADUCCIÓN SIMULTANEA	2279917	201100039734	9.121,08	DUALIA TELETRADUCCIONES, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(1020).- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DE “BONO-TAXI” 2011. EXPTE. 59812/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta da traballadora social responsable do Programa de maiores e discapacitados, conformado polo xefe de Área

de Política de Benestar e a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- ANULAR as concesións de subvencións de bono taxi, aprobadas pola XGL de 06 de xuño de 2011, ás persoas que se relacionan a continuación, sendo o importe total anulado de 2239,09 €.

Nº ORDE	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	IMPORTE ANULADO	MOTIVO
1	GOMEZ	FIGUEIRAL	ANGEL	35896621S	375,00	PASAMENTO
2	MONTES	ALONSO	MODESTO	35968810F	375,00	PASAMENTO
3	DEL OLMO	PUERTAS	RAFAEL JUAN	51916581S	375,00	PASAMENTO
4	CRESPO	CASTRO	DOSINDA	35900861T	375,00	PASAMENTO
5	RIERA	GOU	MARIA	35911203S	364,09	PASAMENTO
6	LLAMEDO	MOURIÑO	ADOLFO	39450567R	375,00	DUPLICADO
TOTAL IMPORTE ANULADO					2239,09	

2º.-CONCEDER con cargo á partida 2310.4800011 RC 16240, a subvención en réxime de avaliación individualizada, destinada a proporcionar mediante a utilización de bono taxi un medio de transporte adaptado a:

Nº ORDE	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	IMPORTE	PROCEDENCIA
1	FERNANDEZ	TARRIO	ESTRELLA	35819180S	375,00	ERRO VALORA.
2	RIVEIRO	RODRIGUEZ	ANTONIO	36068069K	375,00	Reclamación
3	PELLICER	CARAVACA	LUIS	35814557S	375,00	Lista agarda
4	RODRIGUEZ	GAITERO	M ISABEL	36067950V	375,00	Lista agarda
5	IGLESIAS	COSTA	MARIA ILDA	34867363F	375,00	Lista agarda
6	VAZQUEZ	COUTADA	ARGENTINA	35911203S	364,09	Reclamación
TOTAL IMPORTE CONCEDIDO					2239,09	

3º.-OS RECURSOS DE REPOSICIÓN interpostos foron os dos seguintes solicitantes de bono taxi:

- D. ANTONIO RIVEIRO RODRIGUEZ, presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo, con data 16 de xuño de 2011 e número 100084018, pola desestimación da subvención.
- ARGENTINA VAZQUEZ COUTADA presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo, con data 05 de xullo de 2011 e número 110095958.
- ANDRES LUIS ESCUDERO RIVERO presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo o 12 de xullo de 2011 e número 110101182.
- MARTÍN SILVOSO PÉREZ presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo o 30 de xuño de 2011 e número 110094705

Estudados os devanditos recursos pola Comisión de Valoración das axudas de bono-taxi, propóñese:

a) Estimar o recurso de D. ANTONIO RIVEIRO RODRIGUEZ, con DNI 36 068069-K, e conceder a subvención de bono taxi por un importe de 375,00€ con cargo á partida vixente no orzamento para este concepto.

b) Estimar o recurso de DNA ARGENTINA VÁZQUEZ COUTADA con DNI 35.911.203S, e conceder a subvención por un importe de 364,04€ por ser o orzamento sobranante dispoñible con cargo á partida vixente no orzamento para este concepto.

c) Desestimar o recurso presentado por ANDRES LUIS ESCUDERO RIVERO con DNI 35.813.530-T por non presentar a documentación requirida dentro do prazo estipulado.

d) Desestimar o recurso presentado por MARTÍN SILVOSO PÉREZ con DNI 36.072.200-N por non presentar a documentación requirida dentro do prazo estipulado.

4º.- LISTA DE AGARDA:

Procédese a conceder a subvención as seguintes persoas da lista de agarda que ocupaban os tres primeiros lugares por orde de puntuación que substitúen ás persoas con tarxetas concedidas que foron anuladas por pasamento.

Nº ORDE	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI
1	PELLICER	CARAVACA	LUIS	35814557S
2	RODRIGUEZ	GAITERO	M ISABEL	36067950V
3	IGLESIAS	COSTA	MARIA ILDA	34867363F

10(1021).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ESCUDERÍA CIDADE DE VIGO PARA ORGANIZAR A 5ª SUBIDA CIDADE DE VIGO DE AUTOMOBILISMO OS DÍAS 10 E 11 DE SETEMBRO DE 2011. EXPTE. 10652/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.08.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Escudería Cidade de Vigo a organizar os vindeiros días 10 e 11 de setembro de 2011, a 5ª Subida Cidade de Vigo, de automovilismo, as probas comenarán o sábado 10 de setembro ás 9.30 horas ata as 22.00 horas e o domingo 11 de setembro de 8.30 horas a 18.00 horas, a saída será do Pabellón de Deportes de Bembrive (subida Ramallos), e a meta no Campo de fútbol de San Estebán de Beade -Parque Forestal cerca do CUVI-, cunha distancia de 4,100 Km.

11(1022).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA”. EXPTE. 4979/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.07.11, o informe de fiscalización, do 24.08.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 4.08.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 153.100 €/ano (25.516,67 € no ano 2011) para a contratación do servizo de atención domiciliaria á Infancia que se imputarán á partida “Sadi Kanguros” 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento da Concellería de Igualdade do ano 2011 e seguintes.

2º.- Aprobar os pregos de condicións técnicas e administrativas, para a contratación do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia.

3º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

12(1023).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO Nº F-00473-C-006. EXPTE. 5104/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, de 29.08.11, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-006 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 5104/224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

13(1024).- CONVOCATORIA DO I CERTAME DE PINTURA “ANTONIO QUESADA” PARA XOVES CREADORES DA COMUNIDADE GALEGA. EXPTE. 4263/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 5.08.11, conformado pola concelleira de Cultura, Festas e Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Outorgar os premios do I Certame de Pintura “Antonio Quesada” aos seguintes creadores, segundo a resolución do Xurado constituído e reunido a tal fin:

PRIMEIRO PREMIO, dotado con 4.000 €, a ALBA PARDO CARTELLE pola súa obra “Entre néboas”

SEGUNDO PREMIO, dotado con 2.000 €, a BEGOÑA ANTE ÁLVAREZ, pola súa obra “Carteles mudos-Calvario”

2.- Conceder dous ACCÉSITS con dotación económica de 1.000 € cada un deles, aos seguintes artistas:

AMELIA VÁZQUEZ PALACIOS, pola súa obra “Longa noite de pedra”

JOSÍAS FIGUEIRIDO RIVAS, pola súa obra “Entrando na primavera-Parque de Castrelos”

3.- Instruir o pagamento aos artistas premiados por parte da Intervención Xeral do Concello de Vigo, con cargo á retención de crédito realizada en data 18 de febreiro (ref. nº 11.11.RC.000791), gasto imputado á partida 3330 4810000 do orzamento do Museo.

14(1025).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS OFICIAIS CONDUTORES DA TENENCIA DA ALCALDÍA, SEGUNDO TRIMESTRE 2011 (1 DE ABRIL – ATA 10 DE XUÑO). EXPTE.22192/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 13.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como policías locais- seguridade da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, polo periodo comprendido entre o 1 de abril ao 10 de xuño de 2011.

- D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policía local-seguridade, por importe de 629,94€
- D. Manuel Antonio Vazquez MArtinez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policía local-seguridade, por importe de 165,90€

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de total de 795,84€, en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142 e D. Manuel Antonio Vazquez MArtinez, con DNI 36.034.662 H e nº de persoal 18253 policía local-seguridade, con cargo a RC 7354 realizado en data 9 de febreiro de 2011 da partida 92201500000, polo periodo comprendido entre o 1 de abril ao 10 de xuño de 2011.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

15(1026).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DOS CONDUTORES DE SEGURIDADE DA TENENCIA-ALCALDÍA, DURANTE O 1º SEMESTRE 2011(1 DE XANEIRO – ATA 10 DE XUÑO). EXPTE.22193/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 13.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- O recoñecemento aos funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Manuel Antonio Vazquez Rodriguez Rodriguez con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253, un complemento de produtividade por importe de **1333,49€** cada un deles, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de oficial conductor de alcaldía e as establecidas para os posto de gardas da policía local, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 10 de xuño de 2011.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 2666,98 € en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, e D. Manuel Antonio Vazquez Rodriguez Rodriguez con DNI 36.065.662-H e nº de persoal 18253, correspondendolle a cada un a cantidade de **1333,49€** , con cargo a la partida 92201500000, polo periodo comprendido entre o 1 de xaneiro ao 10 de xuño de 2011.

Dese traslado do presente acordo aos interesados, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

16(1027).- DAR CONTA DA ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Á FUNCIONARIA Dª Mª JOSÉ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ NO 2º SEMESTRE DE 2011. EXPTE 22266/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 10.08.11, que di o seguinte:

As necesidades de persoal técnico no Servizo de Recursos Humáns, postas de manifesto no escrito remitido pola Xefa do Servizo en data 04/12/2008, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior e non solventadas ata a data, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal coñecedor das materias, asuntos e expedientes que de cotío son tramitados no mesmo, sempre que dispoña de titulación ao efecto, propoñéndose a tal obxecto a encomenda de funcións de técnico de xestión, propias dos funcionarios encadrado no subgrupo A2, á funcionaria Dª Mª José Rodríguez Martí-

nez, con nº de persoal 22.042, administrativa de administración xeral adscrita á Xefatura do Negociado de Réxime Interior, a cal conta con titulación suficiente a tal efecto.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente realizada á funcionaria D^a M^a José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22.042, administrativa de administración xeral adscrita á Xefatura do Negociado de Réxime Interior, funcións de técnico de xestión no Servizo de Recursos Humanos, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou adscripción dunha praza -e correspondente posto de traballo asociado- de técnico de xestión, e en todo caso ata 31 de decembro do 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

17(1028).- DAR CONTA DA ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA D^a JUANA ABALDE POSADA NO 2º SEMESTRE DE 2011. EXPTE 22264/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 10.08.11, que di o seguinte:

As necesidades de persoal no Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL), encadrado na estrutura do Servizo de Recursos Humanos, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo; necesidades postas de manifesto no escrito da Xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 24/02/2009, situacións aínda non resoltas.

Adicionalmente, e debido ao cambio de ubicación física do citado SPPRL, resulta imprescindible que exista un nexo de unión entre o mesmo e Servizo de Recursos Humanos, aos efectos de posibilita-la tramitación dos aspectos que impliquen relación cos negociados de Seguridade Social e de Persoal (Contratación). Así, e sen prexuízo da dotación de efectivos adicionais para o reforzamento do SPPRL, estímase oportuno encomendar temporalmente e con carácter provisional funcións propias de auxiliar de admón. Xeral (subgrupo C2) no SPPRL á funcionaria D^a Juana Abalde Posada, con n^o de persoal 15.102, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Recursos Humanos.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE n^o 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente, á funcionaria D^a Juana Abalde Posada, con n^o de persoal 15.102, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Recursos Humanos, funcións propias de auxiliar de admón. Xeral no Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL), con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección das técnicas de Prevención de Riscos Laborais e da propia Xefatura do Servizo de destino.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou adscripción dunha praza -e correspondente posto de traballo asociado- de auxiliar de admón. xeral ao SPPRL, e en todo caso ata 31 de decembro do 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación

vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, dése traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

18(1029).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL -XULLO 2011. EXPTE. 22291/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 26.08.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e pola concelleira-delegada acctal. Da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 3.503,83 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Alfonso Berros Pérez e que remata en D. Constantino Domínguez Casales-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, para o período xullo 2011.

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	1.736,20 €
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	95,00 €
1640	Cemiterios	163,97 €
2220	Mobilidade, Seguridade e Transportes	573,42 €

1210	Conserxería	288,99 €
2310	Benestar Social	66,94 €
3330	Museo Quiñones de León	52,44 €
9226	Contratación	334,40 €
3134	Sanidade	192,47 €
	TOTAL	3.503,83 €

19(1030).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS AO OFICIAL ALBANEL D. CARLOS PÉREZ FIGUEIRAS.EXPTE. Nº 22277/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 22.08.11, conformado pola xefa de Réxime Interior e pola concelleira-delegada acctal. de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ao empregado municipal D Carlos Perez Figueiras, con nº persoal 17.294, complemento de produtividade por importe de 74.60€ pola realización das funcións encomendadas.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 74.60€ en concepto de produtividade a favor do empregado municipal anteriormente referenciado, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” (RC 201100007355).

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

20(1031).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, POR EXCESO DE XORNADA ANUAL, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2011. EXPTE 22246/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 20.08.11, conformado pola xefa de Réxime Interior e pola concelleira-delegada acctal. de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e

extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Xullo-2011, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

21(1032).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2011. EXPTE 22247/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.08.11, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleira-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do “Pregón e Procesión do Cristo da Victoria”, aboarase ó persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don David Fernández González e remata por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por unha cantidade total de 1.541,41 € (Mil cincocentos coarenta e un euros con coarenta e un céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

22(1033).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2011. EXPTE 22248/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.08.11, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleira-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xullo	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	619,08	103,36	722,44
Alcaldía (oficina)	Xullo	Abalde Comesaña, Raquel	289,44	0,00	289,44
Limpeza	Xullo	Alonso Garrido, Eva María a Vázquez Varela, Severino	237,18	1.525,92	1.763,10
Policía Local	Xullo	De Abalde Casanova, Jesús Iván	44.120,38	25.539,66	69.660,04

		a Vivero Mijares, Juan Guillermo			
Parque Central	Xullo	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	1.101,48	758,88	1.860,36
Parque Móbil	Xullo	De Alonso González, Angel a Riveiro Rodríguez, José	985,91	1.219,24	2.205,15
Extinción Incendios	Xullo	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Vázquez González, Domingo Gutierrez, Alberto	4.968,72	1.052,64	6.021,36
Cemiterios	Xullo	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.243,19	0,00	2.243,19
Montes, Parques e Xardíns	Xullo	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.382,88	734,40	2.117,28
Electromecánicos	Xullo	De Arias Rodríguez, Dámaso	16,08	32,64	48,72
Conserxería Eleccións	Maio/Xuño	De Romero Gil-Delgado, Patricia a Pérez Vila, Adolfo	82,82	0,00	82,82
	TOTALES		56.047,16	30.966,74	87.013,90

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 87.013,90 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.”

23(1034).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FUNCIONARIOS MUNICIPAIS ADSCRITOS AO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO NON SENDO OFICIAIS CONDUTORES, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2011. EXPTE 6171/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.08.11, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleira-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados polo persoal do servizo de Montes, Parques e Xardíns, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 1.118,78 € correspondentes ó 2º trimestre de 2011 e con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE, según a relación seguinte:

Nº PERSOAL	TRABALLADOR	TOTAL
76577	Purificación Bastos Villar	60,84
79371	Alfonso Casas Iglesias	30,42
16308	Alfonso Conde Rodríguez	158,86
80331	Benito Freiría Rodríguez	67,60
16290	Manuel González Seoage	70,98
16314	Francisco Javier López Arjona	135,20

17800	Eduardo A. Pérez Da Silva	185,90
17555	Gerardo Sánchez Vicente	196,04
11469	Joaquín Domínguez Casales	145,34
13793	José Carlos Pereira Alonso	47,32
17584	Fernando Fernández Rodríguez	20,28
	TOTAL	1.118,78

24(1035).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR SERVICIOS DE GRAN GALA DA POLICÍA LOCAL, CON MOTIVO DO “PREGÓN E PROCESIÓN DO CRISTO DA VICTORIA”. EXPTE. 22257/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 11.08.11, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleira-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do “Pregón e Procesión do Cristo da Victoria”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don David Fernández González e remata por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por unha cantidade total de 1.541,41 € (Mil cincocentos coarenta e un euros con coarenta e un céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

25(1036).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO 2011. EXPTE. 22245/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.08.11, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Xullo-2011 e que ascenden a un total 733'20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

26(1037).- PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. ALFONSO BERROS PÉREZ, CORRESPONDENTE AO PERÍODO ABRIL-XULLO 2011. EXPTE. 22259/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.08.11, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ao empregado municipal D Alfonso Berros Perez, con n de persoal 78966 un complemento de produtividade por importe de 2397,15 € pola realización das funcións encomendadas.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 2397.15€ en concepto de produtividade a favor do empregados municipal anteriormente referenciado, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” (RC 201100007355).

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

27(1038).- PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS A DIVERSOS/AS FUNCIONARIOS/AS CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2011. EXPTE. 22244/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.08.11, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.08.11, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo

vacantes, con carácter estrictamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

a) Encomenda de funcións a D^a. Abalde Posada, Juana; con nº persoal 15.102

En data 28 xaneiro 2011, o concelleiro delegado de xestión municipal resolve encomendar provisionalmente á funcionaria D^a Juana Abalde Posada, con nº de persoal 15.102, auxiliar de administración xeral adscrita ao Servizo de Recursos Humanos, funcións propias de auxiliar de admón. Xeral no Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais (SPPRL), con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección das técnicas de Prevención de Riscos Laborais e da propia Xefatura do Servizo de destino

Dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, tera validez dende o 1 de febreiro de 2011 e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou adscripción dunha praza -e correspondente posto de traballo asociado- de auxiliar de admón. xeral ao SPPRL, e en todo caso ata 31 de xullo do ano 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

No escrito remitido polo SPPRL sinalanse as tarefas desenvolvidas pola funcionaria D^a Juana Abalde Posada en relación co servizo de prevención de riscos laborais:

- Xestión da PRL para os Traballadores en Beneficio da Comunidade (TBC) realizando as comunicacións oportunas aos servizos e o mantemento actualizado das bases de datos dos mesmos en canto a periodos, horarios, etc.
- Convocatoria de cursos e xestión dos diplomas acreditativos de asistencia.
- Comunicación ao SPRL dos “partes de comunicación de accidentes laborais” que se lle requiren.
- Realización de dilixencias, notificacións, comunicacións e oficios en xeral do Servizo de Prevención de Riscos.
- Atención telefónica ou presencial das demandas de información relacionadas co SPRL
- Recoller e distribuí-la correspondencia e documentación de entrada e saída do SPRL
- Seguimento da tramitación dos diferentes expedientes administrativos e outra documentación xerada no SPRL
- Remisión de fax, realización de fotocopias, etc...
- E calquera outra función que se lle encomendou.

Así mesmo, a xefa de recursos humanos, salienta que a maiores D^a Juana Abalde Posada presta apoio administrativo á Xefatura da Área de Réxime Interior cando así se lle solicita –o cal lle consta á suscribinte, sen prexuízo da súa ratificación pola dita xefatura- a maiores da funcións propias do seu posto de traballo de auxiliar de administración xeral no Servizo de Recursos Humanos.

b) Encomenda provisional de funcións a D^a. Alonso Vázquez, Remedios; con nº persoal 15.160, con DNI 36049299

Con data 28 de xaneiro de 2011 o Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal resolve encomendar provisionalmente a funcionaria D^a Remedios Alonso Vázquez, con número persoal 15.160,

auxiliar administrativa adscrita ao Negociado de Pagadurias as funcións do posto 175, Xefe de Negociado de Pagaduria, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esta adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura de Servizo.

Dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende o 1 de febreiro de 2011 ata xullo do mesmo ano, devengando dereitos retributivos que estabrezcense consonte á lexislación vixente e instruccións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Remítese a Oficina de Recursos Humanos a relación exhaustiva das tarefas levadas a cabo no período 1 de abril – 31 de xullo de 2011, das funcións do posto encomendado para procederse ao pago da produtividade. A Xefatura de Negociado de Pagaduría é responsable, entre outros, dos seguintes cometidos:

- 1. Comprobación e ordenación das ordes de pagamento expedidas.*
- 2. Executar materialmente os pagos a realizar polo Concello de Vigo, tendo en conta as prioridades legalmente establecidas, verificando en todo momento o cumprimento dos prazos esixidos no caso dos gastos financiados con recursos afectados, como é o caso, na actualidade, dos pagos realizados ós contratistas adxudicatarios das obras financiadas con fondos procedentes do Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local. Compre lembrar a estes efectos que o retraso no pago dunha factura ou equivalente financiada con cargo a este fondo determina a perda do dereito a obter a subvención e a conseguinte obriga de proceder ao reembolso das cantidades percibidas.*
- 3. Verificar que os pagos financiados con subvencións que, de acordo coa súa normativa reguladora ou os Convenios asinados, deban realizarse con cargo aos fondos situados nunha conta específica aberta ao efecto, se realicen con cargo a ditos fondos ou, no caso contrario, se produzan as oportunas regularizacións de fondos. Este é o caso dos fondos procedentes do “Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local”, ou os derivados da xestión do “Plan de Competitividade Turística de Vigo. Vigo, Turismo Urbano e de Ría.”*
- 4. Procurar, no que afecte ao proceso de pagos, reducir ao máximo posible os prazos para o pago das obrigacións recoñecidas polo Concello de Vigo, co obxecto de cumprir a obrigación que teñen as Administracións Públicas de pagar dentro dos prazos sinalados na Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

A estes efectos, segundo dispón a disposición transitoria oitava da citada Lei de Contratos, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obrigación de abonar o prezo das obrigacións será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, e, se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo, os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Compre lembrar que o apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010 dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local,

que incluíra necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

5. *Expedir os correspondentes xustificantes dos pagos efectuados con cargo ás subvencións concedidas ao Concello de Vigo.*
6. *O rexistro contable dos pagos realizados.*
7. *Facilitar a oportuna información aos provedores sobre os pagos realizados, así como as datas previstas para o pago das facturas pendentes de aboamento.*
8. *Expedición e control dos fondos librados a xustificar a favor dos perceptores que non contan cunha conta corrente restrinxida para xestionar ditos pagamentos. En efecto, compre salientar que tras a entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2006, da nova Instrución de Contabilidade para a Administración Local, e como consecuencia do disposto na Base 23ª de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, que dispón que o importe das ordes de pago a xustificar que se expidan abonanarse por transferencia ás contas correntes abertas a nome da habilitación, caixa ou pagaduría do servizo do que dependa, ás xa tradicionais funcións asignadas ás pagadurías das Tesourerías Locais (realización de pagos, contabilización das operacións do subgrupo 57-“tesourería”, axustar os pagos ás previsións da Tesourería, actualización dos datos bancarios dos provedores municipais, información a provedores e establecemento, de resultar necesario, dun sistema de “cita previa” para os que precisen acudir ás oficinas municipais, entre outras), engadiuse outra tarefa adicional que comporta unha especial responsabilidade e dedicación, cal é a de asumir o papel de “habilitado perceptor” ou “caixeiro” para efectuar o control e as disposicións de fondos de todos aqueles fondos librados a xustificar a favor de perceptores cuxos servizos carezan dunha conta restrinxida de pagos específica para xestionar estes fondos. Entre outros pagos de diversa natureza atópanse a totalidade dos pagos que se libren ao persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo.*

O funcionamento desta conta corrente restrinxida debe axustarse ao disposto ao efecto no capítulo II do título VI do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto 500/1990, e demais normativa de aplicación, que dispón, entre outros extremos, que aquelas persoas que teñan a condición de habilitados perceptores estarán obrigados á rendición, no prazo de tres meses contados desde a percepción dos fondos, da correspondente conta justificativa dos gastos realizados, debendo reintegrar, no seu caso, as cantidades non investidas ou non xustificadas, estando suxeitos ao réxime de responsabilidades que establece a normativa vixente.

9. *Diseño dos circuitos e realización dos traballos necesarios para a execución do procedemento relativo ó embargo, pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, dos pagos presupuestarios realizados polo Concello de Vigo, o que conleva a necesidade de establecer controis específicos para impedir o pagamento de facturas embargadas, así como a realización das operacións contables que conleven a práctica dos embargos.*

No devandito escrito asinado polo Sr Tesoureiro Municipal solicítase o devengo, a favor da citada funcionaria, dos dereitos retributivos derivados da plena satisfacción das funcións acaecidas no período abril-xullo 2011.

c) Encomenda de Funcións ao funcionario D. Covelo Roma, Rosendo Gonzalo; con nº persoal 23.627 e co DNI 36077859-J

En cumprimento da resolución de data 12 de maio de 2008 o Concelleiro de Xestión Municipal encomendou temporalmente a D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con nº persoal 23.627 e DNI 36077859-J, as funcións de dirección administrativa do Verbum, ata cobertura definitiva do posto.

As funcións de dirección administrativa do Verbum, a maiores de ter vinculación administrativa ten tamén una vinculación directa coas tarefas de dirección do Verbum, sobre todo tendo en conta que dende a data da encomenda de funcións o posto de Director do Verbum atópase vacante, o que motivou o obxecto da encomenda. Dita situación foi aclarada en escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras.

Durante o período mencionado, o funcionario obxecto da encomenda desenvolveu unha serie de proxectos, ademais da xestión da unidade e dos asuntos relacionados coa exposición permanente, os cales se relacionan no anexo que achégase co expediente de produtividade.

En base á adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, o desempeñado na área de Deportes e o de Director Verbum-Casa das Palabras solicítase o aboamento do complemento de produtividade para o período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2011.

d)Encomenda de funcións a D. Gutiérrez Orúe, Francisco Javier; con nº persoal 13.920

Con data 11 de marzo de 2010 e 28 de xaneiro de 2011, o Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal encomendou provisionalmente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº persoal 13.920 e co posto de xefe de servizos de Promoción Económica e Emprego, as funcións de Xefe de Participación e Atención Cidadá.

Conforme establecen as instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo para o ano 2011, na súa cláusula terceira, con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá a actividade extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, polo importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado.

En data 7 de xullo de 2011 solicítase o abono ao funcionario funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº persoal 13.920, da produtividade correspondente a encomenda de funcións do posto de xefe de Participación e Atención Cidadá, correspondente ao período abril- xuño 2011.

e)Encomenda de funcións a D. Otero Malvarez, Rosa María; con nº persoal 80.568

En data 28 xaneiro 2011, resolvese polo Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal encomendar provisionalmente a Dª Rosa María Otero Malvarez, con numero persoal 80.568 e co posto de Auxiliar Administrativa no Servizo de Participación Cidadá, as funcións propias do posto de Administrativa da Administración Xeral da Área de Participación Cidadá, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Conforme establecen as instruccións de plantilla e relación de posto de traballo para o ano 2010, actualmente en vigor, na súa cláusula terceira, con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá a actividade extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, polo importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado.

As funcións desenvolvidas póla devandita funcionaria foron

- *Tramitación de expedientes e procesos administrativos, formulación de dilixencias, actas, providencias, comparecencias e oficios de mero trámite, formulación de requirimentos, citacións, notificacións e comunicacións; extracto, cotexo e compulsa de documentos e extensión das oportunas dilixencias e actos administrativos de análoga natureza.*
- *Xestión dos procesos de traballo de carácter administrativo, económico e contable, baixo a dirección dos respectivos superiores ou en base as directrices sinaladas polos mesmos con carácter xeral.*
- *Efectúa-las xestións necesarias para resolve-las cuestións que se presenten ou encarguen no seu ámbito competencial utilizando o medio procedente en cada caso (documental, telefónico, electrónico, persoal).*
- *Cooperar coa súa xefatura inmediata na supervisión e coordinación de traballos desenvolto polo persoal subordinado.*
- *Control de expedientes e procesos.*
- *Redacción e transcripción de informes e propostas, actas, oficios, etc.*
- *Recoller, rexistrar e distribuí-la correspondencia e documentación de entrada no servizo, así como a de saída.*
- *Colaboración na racionalización de estruturas e sistemas de traballo na formalización e simplificación de expedientes, procesos e impresos.*
- *Información, atención e despacho co público en relación coas materias competencia de Participación Cidadá.*
- *En xeral todas as necesarias para un correcto funcionamento do servizo de Participación e Atención Cidadá.*

En data 7 de xullo de 2011, solicítase ao Servizo de Recursos Humanos o abono de produtividade a funcionaria D^a. Rosa María Otero Malvárez, correspondente aos meses de abril a xuño de 2011.

f) Encomenda de funcións a D^a. Rodríguez Martínez, María José; con nº persoal 22.042

En Decreto de data 28 de xaneiro do 2011, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal acordou encomendar provisionalmente á funcionaria D^a María José Rodríguez Martínez, con nº persoal 22042, administrativa de administración xeral adscrita á Xefatura do negociado de Réxime Interior, funcións de técnico de xestión no Servizo de Recursos Humanos, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo informe da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, a funcionaria D^a María José Rodríguez Martínez desenvolveu, no período comprendido entre o 1 de abril ao 31 de xullo do 2011, as seguintes funcións:

- *Participación técnica na xestión de expedientes administrativos relativos a adxudicación de axudas fondo social, resolucións de traslados e cambios de adscripción de persoal, encomendas de funcións, comisións de servizos, etc.*
- *Participación técnica na xestión de expedientes administrativos de resolucións de permisos ou xornadas especiais, xornadas reducidas e demais permisos derivados da aplicación do vixente*

Acordo regulador das Condicións Económicas e Sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

- *Participación técnica nos expedientes relativos ás demandas xudiciais do persoal municipal, revisión e preparacion de documentación e realización de informes técnicos e de cuantificación económica para seren remitidos á Asesoría Xurídica Municipal en relación cos procedementos xudiciais pendentes ou coas execucións de sentenzas xudiciais de recoñecemento de dereitos ou susceptibles de xerar incidencias económicas.*
- *Realización e tramitación de expedientes administrativos sobre diversos aspectos da carreira administrativa dos empregados públicos municipais (solicitudes de prolongación servizo activo, recoñecemento grao persoal, xubilación anticipada).*
- *Tramitación e proposta nos expedientes de gastos en concepto de locomoción do persoal adscrito aos distintos servizos municipais.*
- *Cumprimentación de solicitudes da Tesourería Xeral da Seguridade Social relativas a pluriemprego e posterior comunicación á Intervención Xeral e tramitación de expedientes relativos a eventuais débedas coa Seguridade Social; atención presencial ao persoal municipal nos asuntos relativos as xubilacións así como a cumprimentación da documentación requirida, como apoio técnico na xestión ao Negociado de Seguridade Social en aspectos puntuais.*
- *Comunicación de incidencias de nómina aos diferentes servizos, unidades ou negociados implicados (Intervención Xeral, Planificación e Organización, Seguridade Social, etc)*
- *Tramitación, seguemento e execución de convenios de realización de prácticas no Concello de Vigo cos distintos Centros de Formación e Universidades Públicas.*
- *Elaboración de certificados de situacións ou incidencias administrativas a solicitude do persoal municipal e das distintas Admistracións Públicas e órganos xurisdiccionais.*
- *Participación nos procesos de selección de persoal e provisión de postos de traballo que se realizan por este Servizo de Recursos Humanos (funcionarios interinos e persoal laboral temporal), o que implica a elaboración de informes-proposta, publicación dos anuncios correspondentes, recepción de solicitudes, seguemento de proceso selectivo, propostas definitivas e resolucións de adscrición).*
- *Apoio técnico á xefatura do servizo na xestión dos expedientes derivados como demandas xudiciais e sentenzas firmes, con comunicación permanente coa defensa xurídica municipal externa no seguimento das actuacións, preparación de documentación e realización de informes técnicos e de cuantificación económica de relevancia para os asuntos xudiciais pendentes.*
- *Realización de informes a petición da Xefatura do Servizo en diversos asuntos referentes á xestión do persoal municipal dende unha perspectiva técnica ou económica.*
- *Colaboración coa xefatura do servizo e cos técnicos e Planificación e Organización e técnica de Avaliación e formación de Recursos Humanos na búsqueda de solucións, dende unha perspectiva técnica, á problemática susceptible de xenerarse no marco da xestión do persoal municipal.*

Todo elo sen prexuízo das funcións de xefatura de Negociado de Réxime Interior inherentes ao posto de traballo ao cal está adscrita.

g) Encomenda de funcións a D. San Luis Costas, Avelino; con nº persoal 9.900

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou recoñecer ao funcionario D. Avelino San Luis Costas, xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400€, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.

As vixentes instrucións de plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de maio de 2005, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.

En data 4 de xullo de 2011, segundo escrito do Alcalde, informe remitido ao Servizo de Persoal, salientase deste funcionario o cumprimento a maiores co horario establecido para o persoal municipal, ampliando a súa xornada laboral durante todo o ano. Faise constar que durante o segundo trimestre do ano 2011 non so non mermaron senon que se incrementaron, polo que procede o abono da produtividade proposta pola Xunta de Goberno Local en data 3 de abril de 2007, por importe de 2.600€

h) Encomenda de funcións a D^a. Soto Sobrado, Ana María; con nº persoal 11.475

Por resolución da Alcaldía-presidencia e constando en Decreto de 18 de abril de 2005 encomendouse de provisionalmente a funcionaria D^a. Ana María Soto Sobrado, con nº persoal 11.475 e co posto de administrativa, a realización das funcións propias da Xefatura de Negociado de Información Presencial.

Dita encomenda de funcións, de categoría superior ao posto adscrito a D^a. Ana María Soto Sobrado, realizouse satisfactoriamente no período correspondente aos meses de abril a xuño de 2011; procedeuse ao aboamento do complemento de produtividade, que no caso que nos ocupa, supoñerá a diferenza retributiva dos postos ocupados.

i) Encomenda de funcións a D^a. Vicente Rodríguez, Carolina; con nº persoal 22.119 e DNI 36080915

Con data 1 de xullo de 2008, o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal encomendou á funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez as tarefas de supervisión e apoio administrativo, das inherentes ao posto de traballo do Técnico D. Javier Muradás Blanco.

Baséase dita encomenda na petición de 22 de febreiro de 2008 do Técnico de Intervención, co conforme do Interventor Xeral, de que se lle encomenden provisionalmente á funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa, funcións de colaboración e apoio administrativo ao citado funcionario D. Javier Muradás Blanco, responsable da xestión do Capítulo I do orzamento, xa que éste, ata o mes de marzo de 2005, contaba co apoio administrativo de persoal auxiliar. Así mesmo, ata o mes de setembro do 2007 –data na que foi trasladado a outro servizo- outro dos técnicos de xestión do Concello, colaboraba na tramitación dos expedientes relacionados co Capítulo I; igualmente faise mención á necesidade de garanti-lo correcto funcionamento de Intervención Xeral, e dado que o breve prazo de tempo do que se dispón para a tramitación dos expedientes que afectan ao Capítulo I,

debido a que requiren da participación de distintos servizos municipais antes da súa inclusión na nómina do persoal municipal.

A devandita encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de persoal administrativo actualmente vacante na Intervención Xeral, e que en ningún caso supoñerá dereitos futuros.

Por este recoñecido motivo de acumulación de funcións, e considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 29 de setembro de 2008 (Expte.18407/220) acordou recoñecer á funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez un complemento anual de 2.800€/ano que devengarase trimestralmente de forma prorrateada polos motivos extraordinarios que ven desempeñando.

En data 1 de xullo do 2011 faise chegar ata a Oficina de Recursos Humanos o informe acreditativo do desempeño das tarefas administrativas que lle foron confiadas a D^a Carolina Vicente Rodríguez, e pola mesma solicitase o pago da produtividade no período que transcorre ente o 1 de abril ata o 30 de xuño do 2011.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 28 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2011, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

As vixentes Instruccións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrucción Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

A)A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

Para a súa tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da

finalización da acumulación no mesmo día na que se produza, remitindo a Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, así como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.

Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que servan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordados coa vontade do lexislador e que sexan homoxéneos para a totalidade das Administracións Públicas.

Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, o persoal municipal anteriormente referenciado disfruou de vacacións ou estivo de baixa por IT nas seguintes datas:

Nome	Nº Persoal	DNI	Vacacións	Nº días	Permisos	Nº días	Baixas	Nº días
Abalde Posada, Juana	15.102	36042156-Y	0	0	0	0	0	0
Alonso Vázquez, Remedios	15.160	36049299	0	0	0	0	0	0
Covelo Roma, Rosendo Gonzalo	23.627	36077859-J	0	0	0	0	0	0
Gutiérrez Orúe, Francisco Javier	13.920	13894232	0	0	0	2	0	0
Otero Malvarez, Rosa María	80.568	76965736-P	0	0	16/5/2011	1	0	0
Rodríguez Martínez, María José	22.042	36086062-M	0	0	0	0	0	0
San Luis Costas, Avelino	9.900	35946375	0	0	0	0	0	0
Soto Sobrado, Ana María	11.475	36031696	0	0	0	0	0	0
Vicente Rodríguez, Carolina	22.119	36080915-X	0	0	0	0	0	0

Tendo en conta os datos recollidos no cadro anterior en relación co disfrute de vacacións ou baixas por Incapacidade Temporal (enfermidade común) no período reflexado, correspondería o aboamento das seguintes cantidades:

- A funcionaria Juana Abalde Posada, tendo en conta o complemento de destino do auxiliar administrativo supón un importe mensual de 349.93€ no ano 2011, polo que correspondería o aboamento en concepto de produtividade á funcionaria, polo período abril-xullo 2011 a cantidade de 1399.72€.

- A funcionaria D^a Remedios Alonso Vázquez, tendo en conta as retribucións do posto 175 “Xefe de negociado pagaduría” cun complemento de destino 22 (Importe mensual 509,84 €/mes no ano 2011) e descontando os días de permiso, corresponderíalle o aboamento dun complemento de produtividade por importe de 2039,36 €, polas funcións desenvolvidas no período abril-xullo 2011.
- O funcionario D Rosendo G Covelo Roma, tendo en conta as retribucións do posto de Director Verbum Casa das palabras, describíese na vixente RPT cun Complemento de Destino 26, importe mensual 698,20 €/mes no ano 2011, correspondería aboar a cantidade de 2094,60€, polo período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño do 2011.
- O funcionario D Francisco J Gutierrez Orue, polas funcións encomendadas de “Xefe de Participación e Atención Cidadá” cun complemento de destino 26 corresponderíalle un importe de 698,20€ polos meses de ABRIL-XUÑO 2011 corresponderíalle a cantidade de 2094.60€
- Con respecto a D^a Rosa Otero Malvarez, con n de persoal 80568, tendo en conta os importes do complemento de destino do posto “administrativo”, que supón un importe mensual de 417.25€, correspondería o aboamento da cantidade de 1237,84€, polo período abril xuño 2011
- A funcionaria Maria J Rodriguez Martinez, tendo en conta o complemento de destino do posto código 179 “Técnico de Xestión” supón un importe mensual de 619,47 € no ano 2011, polo que correspondería o aboamento en concepto de produtividade, polos meses de ABRIL-XULLO a cantidade de 2477,88€.
- D. Avelino San Luis Costas, xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía correspóndelle a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400€ a devengar trimestralmente; dita cuantía ascende a 2.600,00€ correspondente ao 2º trimestre do ano 2011.
- D^a Ana Maria Soto Sobrado, corresponderíalle un complemento de produtividade por importe de: 645,3€ polos períodos comprendidos entre o 1 de abril ao 30 de xuño do 2011,
- A funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita á Intervención Xeral e núm. persoal 22119, corresponderíalle o aboamento dun complemento de produtividade correspondente ao 2º trimestre do ano 2011, por importe de 700.00€.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, con cargo ao RC 201100007355 nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ELÉVASE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A SEGUINTE PROPOSTA:

1. Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

Nome	Nº Per- soal	DNI	Período	Proposta de aboamento
Abalde Posada, Juana	15.102	36042156-Y	¼-31/7/2011	1.399,72 €
Alonso Vázquez, Remedios	15.160	36049299	¼-31/7/2011	2039,36
Covelo Roma, Rosendo Gonzalo	23.627	36077859-J	¼-30/6/2011	2.094,60 €
Gutiérrez Orúe, Francisco Ja-	13.920	13894232	¼-30/6/2011	2.024,49 €

<i>vier</i>				
<i>Otero Malvarez, Rosa María</i>	80.568	76965736-P	1/4-30/6/2011	1.237,85 €
<i>Rodríguez Martínez, María José</i>	22.042	36086062-M	1/4-31/7/2011	2477,88
<i>San Luis Costas, Avelino</i>	9.900	35946375	1/4-30/6/2011	2.600,00 €
<i>Soto Sobrado, Ana María</i>	11.475	36031696	1/4-30/6/2011	645,3
<i>Vicente Rodríguez, Carolina</i>	22.119	36080915-X	1/4-30/6/2011	700,00 €
<i>Total a Aboar</i>				15.219,20 €

2. *Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 15.219.20€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” (RC 201100007355).*

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1039).- PRODUCTIVIDADE A FUNCIONARIOS DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS POR MANTEMENTO FONTES ORNAMENTAIS CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2011. EXPTE. 22253/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 5.08.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecanicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais* , D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 4 trimestre do ano 2010:

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	350.00
79136	Francisco J Bea Puentes	280.00

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 630.00€ en concepto de produtividade a favor dos funcionairos D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491, D Francisco Oterino

Fernandez, con n de persoal 10725 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, con cargo ao RC 201100007355 da partida 92201500000, polo periodo comprendido entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2011.

29(1040).- EXECUCIÓN DE SENTENZA Nº 47/2011 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2, DE VIGO, NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO P.A. Nº 489/2010, INTERPOSTO POR D. LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA. EXPTE. 22146/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 25.08.11, e de acordo cos informes-proposta da técnica de Xestión de Recursos Humanos do 17.06.11 e 11.08.11, conformados pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza nº 47/11, do 17 de febreiro de 2011, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, dictada no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 489/2010, interposto por D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña por incumplimiento de la resolución de la Alcaldía de 2 de noviembre de 2005, na cal literalmente se fallou:

“Que debo ESTIMAR Y ESTIMO el recurso contencioso administrativo, presentado por D. LUIS RODRIGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA por el incumplimiento de la Resolución de la Alcaldía de 2 de noviembre de 2005, sobre régimen retributivo del puesto de Secretario Accidental del Tribunal Económico Administrativo Municipal, y condeno al Concello de Vigo al cumplimiento de la mencionada Resolución, en ejecución de la cual debe abonar al funcionario recurrente la cuantía de 37.086,70 euros, como retribución por el puesto mencionado, correspondiente a los años 2007, 2008 y 2009, más los intereses legales desde la fecha de la reclamación en vía administrativa (7 de mayo de 2010).”

2º.- Dispoñer, en execución de sentenza, se proceda ao aboamento a D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, con nº de persoal 21605, dun importe de 37.086,70 € de principal en concepto de produtividade así como da contía de 2.475,16 € correspondente a intereses legais dende a data da reclamación previa administrativa (7 de maio de 2010) imputables á aplicación orzamentaria 9220.1410000 “indemnizacións por setenzas xudiciais”, dos vixentes orzamentos municipais para o exercicio económico 2011.

3º.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo do Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal do Concello, notificando asemade o mesmo ao interesado, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e organización) aos efectos que procedan.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo fir-

me, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

30(1041).- ABOAMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS AOS/ÁS FUNCIONARIOS/AS D. ALBINO RODRÍGUEZ FERREIRA, D. JOSÉ LUIS AMOEDO MOREIRA E D^a ALICIA MEIRIÑO FERNÁNDEZ. EXPTE. 22255/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe de fiscalización do 25.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.08.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

a) Encomenda provisional de funcións a D. José Luis Amoedo Moreira,; con nº de persoal 22.467 e DNI 3607307-V

Mediante resolución de 24 de xaneiro de 2011, e a petición do Xefe de Área de Servizos Xerais e o Xefe do Parque Móbil co conforme da Sra. Concelleira de Servizos Xerais., o Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal encomendan a D. José Luis Amoedo Moreira con nº persoal de 22.467 as funcións de capataz de vías e obras do Parque Móbil.

Dita encomenda, con carácter provisional, terá validez dende o 1 de febreiro do 2011 ata a súa efectiva cobertura, que en todo caso, vera o seu fin en data de 31 de xullo do 2011 devengando os dereitos retributivos pertinentes.

As tarefas a desenvolver en ningún caso ocasionaran un prexuízo tanto das funcións delegadas pola citada encomenda provisional, ao posto de capataz, como das características inherentes á praza de xefe de equipo de oficios, da cal, D. José Luis Amoedo Moreira é o titular.

Con anterioridade e por resolución de data 22 de abril de 2010, o concelleiro delegado de Xestión Municipal xa resolveu encomendar provisionalmente ao devandito empregado, funcións de Capataz do Parque Móbil, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, como consecuencia da xubilación do seu titular con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao calestá adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Dita encomenda, de carácter provisional, tiña validez dende o 1 de maio de 2010 e ata que se proceda a súa cobertura definitiva, e en todo caso ata 31 de decembro do ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Recíbese no Servizo de Recursos Humanos a proposta do aboamento do periodo correspondente ao periodo abril-xuño 2011.

b) Encomenda provisional de funcións a D^a. Meiriño Fernández, Alicia; con nº de persoal 15.817 e DNI 34936626

En cumprimento da encomenda provisional de funcións, segundo Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 6 de xullo de 2010, da funcionaria D^a Alicia Meiriño Fernández co número de persoal 15.817; solicítase o aboamento en concepto de produtividade do periodo comprendido entre o 1 de abril ao 21 de xuño de 2011, data na que se produxo a incorporación efectiva da titular do posto da súa baixa maternal, do que se encomendaron as funcións.

Dita funcionaria atópase adscrita con carácter provisional ás funcións de Xefa de Negociado da Xunta de Goberno Local dentro do Servizo da Secretaría Xeral. Esta acumulación de postos de traballo tiña como principais motivos o carácter urxente e a especial necesidade desta situación por parte do Servizo antes citado.

c) Encomenda provisional de funcións a D. Rodríguez Ferreira, Albino; con nº persoal 77.274 e DNI 36025379-L

En resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 2010 otorgábaselle a D. Albino Rodríguez Ferreira o cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, por vacante do posto, ata o nomeamento de Presidente Titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase: o especial rendemento, dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.

O apartado terceiro da antedita Resolución especifica que en virtude do especial rendemento requirido e dado o carácter obxectivo no desempeño dos cargos, os funcionarios nomeados percibirán, durante o periodo que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, excluída do previsto nas instrucións de plantilla, a diferenza retributiva que podía existir entre os complementos de destino e específico dos postos que son titulares e os cargos para os que se lles nomea provisionalmente e accidentalmente

Dende o 01/04/2011 ata o 30/06/2011 celebráronse as Sesións do Tribunal Económico-Administrativo, números 9; 10; 11; 12; 13; 14 e 15 do ano 2011. Resolvéndose nas mesmas un total de 188 expedientes

En data 10 de agosto de 2011 faise chegar ata a Oficina de Recursos Humanos o informe petición de aboamento polas funcións correspondentes ao cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo Municipal, labor que desempeñou no primeiro trimestre do presente ano.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 28 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2011 que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

As vixentes Instruccions sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio 2010, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrucción Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

Para a súa tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da acumulación no mesmo día na que se produza, remitindo a Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, así como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.

Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que servan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordes coa vontade do lexislados e que sexan homoxéneos para a totalidade das Admistracións Públicas.

Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, o persoal municipal anteriormente referenciado disfruou de vacacions o estivo de baixa por IT nas seguintes datas:

Nome	Nº Per-soal	DNI	Vacacions	Nº días	Permi-sos	Nª días	Baixas	Nº días
Amoedo Moreira, José Luis	22.467	36073079-V	0	0	0	0	0	0
Meiriño Fernández, Alicia	15.817	34936626	0	0	0	0	0	0
Rodríguez Ferreira, Albino	77.274	36025379-L	0	0	0	0	0	0

Tendo en conta os datos recollidos no cadro anterior en relacion co disfrute de vacacions ou baixas por Incapacidade Temporal (enfermidade comun) no periodos reflexados, corresponderia o aboamento das seguintes cantidades:

1.- O empregado municipal D Jose Luis Amoedo Moreira, con n de persoal 22.462, xefe de equipo, tendo en conta as diferencias retributivas mensuais dos postos 116 “Capataz de Vías e Obras” e 184 “Xefe Equipo Oficinos” ascenden a:

	CD	€	CE	€	
Capataz de Vías e Obras	18	394,79	142	798,90	
Xefe Equipo Oficinos	17	372,33	162	623,89	
Diferencia total mensual	-	22,46	-	175,01	197,47€

De conformidade cos datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. Jose Luis Amoedo Moreira non disfrutou de vacacions, permisos nin estivo de IT no periodo obxecto de aboamento.

A diferenza mensual correspondente ao periodo abril-xuño 2011 suporia un total de 585,63€.

2.- A funcionaria Dª Alicia Meiriño Fernández, tendo en conta os importes do posto “ Xefe de negociado da Xunta de Goberno Local”cun complemento de destino 22 , que ascende a 509.84€, corresponderíalle o aboamento da cantidade de 1.376,19 € polo periodo comprendido entre o 1 de abril ao 21 de xuño de 2011

3.- O funcionario D Albino Rodríguez Ferreira, polo periodo comprendido entre o 1 de abril ao 30 de xuño de 2011 e tendo en conta as diferencias retributivas do posto titular e mais do encomendado,corresponderíalle unha diferenza de:

	CD	€	CE	€	
Presidente órgano reclamacions económico administrativo	28	832,40	9	2237,74	
Técnico administración xeral	26	698,20	680	1268,83	
Diferencia total mensual	-	134,2	-	968,91	1.103,11€

Segundo os datos do Servizo de Recursos Humanos, D. Albino Rodríguez Ferreira non disfrutou de vacacions ou permisos e tampouco tivo ningún tipo de incidente laboral ou baixa no segundo trimestre do ano 2011.

A diferenza mensual correspondente ao período comprendido entre os meses de abril a xuño 2011, ambos inclusive, suporía un total de 3.309,30€

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ELÉVASE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A SEGUINTE PROPOSTA:

1º.- Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

Nome	Nº Persoal	DNI	Periodo	Proposta de aboamento
Amoedo Moreira, José Luis	22.467	3607307-V	1/4/ ao 30/6/2011	585,63 €
Meiriño Fernández, Alicia	15.817	34936626	1/4 ao 21/6/2011	1.376,19 €
Rodríguez Ferreira, Albino	77.274	36025379-L	¼ ao 30/6/2011	3.309,30 €
<i>Total a Aboar</i>				5.271,12 €

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 5.271,12€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” .

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1042).- CONCESIÓN DE AXUDAS SOCIO-SANITARIAS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL AO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AO ANO 2011. EXPTE. 22294/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.08.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 26.08.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior pola concelleira-delegada acctal. da Xunta de Goberno local, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Acordar que a contía do fondo social ordinario previsto no artigo 30 do vixente Acordo Regulador quede establecido para o presente ano 2011, na cantidade de 390.506,00€, nos termos do acordado na Mesa Xeral de Negociación o 29 de xuño do 2011.

Segundo.- Autoriza-lo abono das axudas socio-sanitarias correspondentes á convocatoria do ano 2011, con cargo ó Fondo Social (segundo bases de distribución, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 9 de maio de 2011), e resolución do alcalde-presidente de data 17 de agosto de 2011, de modificación orzamentaria por un importe total de 230.006, 00 €, distribuídos nos tramos que se relaciona en función das retribucións, entre os seguintes empregados municipais:

TRAMO	RETRIBUCIÓN	MÁXIMO
I	MENOS DE 25.000	725
II	DE 25.001 A 28.000	575
III	DE 28.001 A 37.000	425
IV	DE 37.001 A 49.000	305
V	MAIS DE 49.000	235

TRAMO 5

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
ALFAYETE RODRIGUEZ Mª CATALINA	9.282.427	79.850	193
ARIAS FERNANDEZ JUAN CARLOS	35.981.927	10.843	235
BARBARA RODRIGUEZ BEATRIZ	36.098.427	79.572	157
BERROS PEREZ ALFONSO	32.873.182	78.966	235
CARBALLO ACUÑA ALBERTO	36.069.952	18.320	192
CARBALLO ACUÑA FRANCISCO J	36.076.760	77.815	235
CARNEIRO MINIÑO PILAR	76.986.963	19.028	235
CEA NOGUEIRA XOSE LOIS	36.046.775	21.150	235
COLLAZO RODRIGUEZ BENJAMIN	36.110.611	78.894	120
COMESAÑA ARRIBAS LUIS FELIPE	139.795	11.239	235
COSTAS FERNANDEZ BASILIO	35.960.543	10.257	235
ESCARIZ COUSO ALBERTO	36.097.029	79.865	235
ESTRADA IBAÑEZ SONIA	36.049.452	23.283	235
FERNANDEZ CARPINTERO EZEQUIEL	36.040.789	16.283	215
FERNANDEZ FERNANDEZ PAZ	3.821.230	16.662	85
FERNANDEZ-LINARES BOUZA RAMON	34.590.828	78.523	235
GARCIA ALVAREZ SUSANA	34.959.892	78.741	235
GARCIA GONZALEZ JUAN MANUEL	36.003.768	10.808	235
GOMEZ JANEIRO MARIA	36.094.492	76.440	235
GONZALEZ GONZALEZ JOSE MANUEL	36.037.457	18.939	235
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO J	13.894.232	13.920	235

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
HERMIDA FERNANDEZ JOSE ANGEL	36.036.361	13.853	235
HERNANDEZ VIDAL Mª DOLORES	35.320.992	80.658	235
LOPEZ PIÑEIRO Mª PILAR	33.829.412	22.332	235
LOUREIRO BADA Mª JOSE	36.080.259	78.248	145
MARTINEZ MUÑOZ FRANCISCO	36.023.165	13.712	235
OLIVEIRA LOPEZ JOSE IGNACIO	36.015.127	18.135	235
RIOBO IBAÑEZ MARTA	36.081.499	76.267	235
RODRIGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA LUIS	35.299.727	21.605	235
SALA RIOS BERTA	36.023.238	21.367	160
SOBRINO DEL RIO MARIA LUISA	36.065.227	24.070	235
SOUTO GONZALEZ MARTA	36.054.893	23.840	235
TEIJEIRO GUERREIRO Mª REMEDIOS (1)	36.117.307	22.734	91
VARELA BORREGUERO LUCIO	36.023.156	17.495	235
VAZQUEZ GONZALEZ DOMINGO	36.027.499	14.670	50
VIDAL FRAILE MARÍA ÁNGELES	36.026.651	14.574	235
VIETES ALEN MARIA DOLORES	36.101.442	77.222	235
VIVERO MIJARES ANTONIO	36.088.250	21.054	235
TOTAL			7.988 €

(1) consulta denegada

TRAMO 4

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
ABREU TORRRES FRANCISCO J	36.064.280	20.586	305
ADAN FERNANDEZ AURELIO	34.606.158	22.438	43
ALONSO ABALDE MANUEL	36.029.073	14.060	305
ALONSO COVELO VICENTE	36.062.982	20.592	305
ALONSO VILLAR JUSTO	36.014.690	20.801	305
ALVAREZ CRESPO CAMILO	36.024.381	14.048	305
ALVAREZ DOMINGUEZ INES	36.059.236	76.410	305
ALVAREZ DOMINGUEZ JOSE Mª	36.027.958	15.906	305
ALVAREZ FERREIRA FRANCISCO J	36.076.666	76.473	305
ALVES DIZ MIGUEL	36.054.689	17.153	305
AMBOAGE GARCIA CONCEPCION	36.076.076	78.716	215
ANTEPAZO BRUN PABLO (1)	73.240.388	79.103	145
ARENAS VILLARROEL SANTIAGO	36.041.201	18.388	300
AVENDAÑO OTERO BIENVENIDO	36.061.946	21.456	305
BALLESTA DE DIEGO JOSE J	36.065.836	76.439	287
BLAS FONDOS JOSE L.	36.022.562	16.886	305
BOUZAS NOVAS JOSE	36.026.948	14.284	300
CARBALLO LEIROS JOSE	36.041.836	21.491	305

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
CARBALLO RODRIGUEZ MANUEL	34.603.841	10.493	305
CARIDE GRANDAL JUAN ANTONIO	36.070.666	20.824	64
CARIDE GRANDAL JOSE LUIS	36.044.507	20.994	305
CONDE VAZQUEZ MANUEL (2)	34.939.021	22.250	265
COSTA RIVERO JOSE	36.051.694	20.971	305
COSTAS RIVEIRO EUGENIO	36.026.624	10.889	305
COSTAS TABOAS JUAN ALBERTO	36.063.263	20.623	305
DIAS DE LA IGLESIA EMILIO	52.500.052	20.988	250
DIEGUEZ RAPOSEIRAS JORGE G.	36.108.665	77.018	300
DOMINGUEZ ALONSO FRANCISCO	76.911.101	77.026	305
DOMINGUEZ GONZALEZ PILAR	36.061.811	77.819	200
FAJIN TORRES YOLANDA	33.297.554	79.174	305
FARO CHAMADOIRA ANGELES	36.033.947	15.071	305
FERNADEZ BESADA MARIA D. (2)	36.020.726	16.656	305
FERNADEZ GALLEGO CONSUELO	34.921.683	19.278	305
FERNANDEZ IGLESIAS ROBERTO	36.054.727	18.419	305
FONTENLA GOMEZ ANTONIO (2)	36.126.762	79.345	30
FREIRE ESTEVEZ ALBERTO	36.032.950	76.470	157
FREIRIA BARROS JOSE CARLOS	36.000.222	13.250	146
GARCIA GONZALEZ PERFECTO	36.061.876	20.630	305
GARCÍA GONZÁLEZ TERESA	36.077.773	24.093	305
GARCIA PONTES IGNACIO	35.319.274	76.518	70
GIL DOMINGUEZ FRANCISCO	34.869.989	16.774	305
GIL GREGORIO JUAN ANTONIO	30.454.966	18.164	305
GOMEZ ALVAREZ Mª BELEN	36.075.670	79.142	77
GOMEZ FIGUEIRO PAULA	77.000.390	80.630	40
GOMEZ GARCIA CRISTINA	36.098.882	78.121	305
GOMEZ MOURE JUAN CAROS	36.096.465	20.942	305
GOMEZ OURO BEATRIZ	36.086.665	22.622	235
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	36.087.873	23.290	305
GONZALEZ PEREIRA CARLOS M	36.019.652	15.705	305
GONZALEZ RIVEIRO DAVID	36.077.946	80.559	305
GONZALEZ UCLES MIGUEL	36.116.053	76.516	286
GROSSI MARTINEZ FERNANDO	36.056.565	20.876	305
GUARDADO SOAGE MANUEL	76.806.204	16.515	250
HERMIDA ARAUJO ADOLFO	36.043.209	17.064	230
HERRERA OYA EMILIO (2)	36.043.641	15.728	185
IGLESIAS REJAS LUIS	36.091.674	22.390	230
ILLAN LOMBAO JUAN CARLOS	33.329.187	79.341	305
JORGE GARCIA JAVIER	52.483.519	23.099	300
KOWALSKI BIANCHI ANA	36.125.146	78.120	305
LÓPEZ CUESTA ISABEL	51.440.695	22.674	278

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
LOPEZ MOURE JESUS	36.106.611	77.210	213
LOPEZ LANDESA FELIX	36.033.830	14.090	300
LOPEZ RUIZ Mª CARMEN	35.980.591	8.094	305
MARON LORENZO JUAN ANTONIO	36.033.263	14.321	305
MARTINEZ GUEDE SILVIA	36.142.885	80.631	190
MARTINEZ LINO PEDRO	36.125.511	79.363	246
MOLEDO ALONSO MANUEL E	36.046.100	20.652	295
MOREIRA VIDAL SALVADOR	36.016.190	14.002	160
MORQUILLAS RODRIGUEZ VICTOR	36.026.680	14.278	282
NEIRA HENCHE FRANCISCO JAVIER (2)	36.051.902	17.130	160
NOVOA SEIJO MANUEL J	34.923.279	16.811	305
NOGUEIRA CASAS JOSE	7.873.309	76.517	305
OTERO IGLESIAS SANTIAGO	36.075.272	21.373	305
OTERO MARTINEZ MANUEL	36.044.001	17.087	270
PELETEIRO LOGROÑO JOSE JAVIER	35.301.682	20.793	170
PEREZ BARREIRO Mª BELEN	36.046.390	19.270	305
PEREZ COSTAS JOSE LUIS	36.085.935	23.142	305
PEREZ RODRIGUEZ RAMON	36.084.908	18.425	173
PIÑEIRO HERMIDA DAVID	35.299.832	80.474	305
RICOY MARTINEZ LUIS	36.032.010	16.917	305
RODRIGUEZ LAGO CARLOS	36.045.814	20.669	305
RODRIGUEZ LOPEZ JOSE	35.992.992	8.846	221
RODRIGUEZ MARTINEZ Mª JOSE	36.086.062	22.042	305
RODRIGUEZ VAZQUEZ MANUEL	36.005.692	13.267	305
ROJO MORON JOSE LUIS	74.794.602	12.457	305
ROLO SILVA JOSE LUIS	36.052.071	17.147	305
ROMAN CASAS JUAN CARLOS	36.011.347	8.349	305
ROMERO IGLESIAS RAFAEL	52.490.251	20.965	305
ROMERO QUINTANA MONSERRAT	36.057.378	21.172	265
SALVADORES CANEDO MARIA T.	32.792.609	23.372	236
SANCHEZ PEREZ GERARDO	36.070.249	21.114	305
SANCHEZ VAZQUEZ OSCAR M	76.721.177	78.287	305
SANLES DOMINGUEZ SERGIO	36.132.921	78.138	300
SANROMÁN VARELA MARÍA JESÚS	36.018.668	16.640	230
SAYAR VILA JESUS	36.000.727	14.640	305
SIERRA CASTELO JOSE MANUEL	76.897.972	78.130	305
SOAJE BERMUDEZ HECTOR	36.105.268	77.168	305
SUAREZ FERNANDEZ JOSE MANUEL	36.029.106	20.936	305
SUAREZ GARCIA ANTONIO	33.218.267	12.121	240
THOMAS BERBEN Mª JOSE	8.758.892	16.679	305
TORRES FERNANDEZ JOSE ANTONIO	36.072.916	79.041	305
TOSCANO NOVELLA Mª CRISTINA (3)	36.041.699	80.473	305

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P	€
VAZQUEZ ALONSO ALBERTO	36.058.408	22.378	230
VAZQUEZ COSTAS CONSTANTINO (2)	36.037.324	16.455	160
VAZQUEZ DOMINGUEZ JUAN DIEGO	36.145.278	79.352	305
VAZQUEZ DOMINGUEZ CARMEN	76.617.377	80.436	305
VAZQUEZ PAZO MODESTO	36.063.855	77.034	305
VAZQUEZ IGLESIAS PEDRO Mº	11.904.805	21.628	280
VAZQUEZ VARELA JOSE M	36.071.670	18.170	305
VAZQUEZ-NOGUEROL PARAMOS ROSA	36.016.448	21.210	305
VEGA ANDION OSCAR MIGUEL	33.329.266	78.742	34
VIDAL LORENZO LUCIA	36.155.437	79.122	305
VIDAL MACIA RAMON	36.108.901	79.108	159
VILA DA VILA JOSE CARLOS	36.049.990	22.993	305
VILLAR COMESAÑA JOSE ANTONIO	36.066.904	21.380	305
VILLAR DOMINGUEZ MANUEL (1)	36.010.951	18.483	18
VILLAVERDE VELEIRO JOSE B	36.033.203	14.700	305
TOTAL			30.760 €

- (1) resto pendente de documentación
(2) limpeza denegada cubre mutua
(3) Farmacia denegada

TRAMO 3

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P.	€
ABALDE CASANOVA JESUS IVAN	36.116.520	78.129	300
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	36.088.474	78.893	180
ABALDE POSADA JUANA	36.042.156	15.102	425
ABALLE GONZÁLEZ MANOEL	36.031.484	14.315	425
AGAHWA MARTINEZ CELINA	36.174.101	80.597	306
AGUADO TABOADA MANUEL(1)	36.022.286	18.282	110
ALÉMPARTE GONZALVO ANTONIO	36.026.206	18.655	102
ALONSO ALONSO MIGUEL A	36.050.580	17.242	260
ALONSO COUÑAGO CESAR	76.990.904	79.107	280
ALONSO IGLESIAS MANUEL	36.036.055	23.047	150
ALONSO MOREIRA JOSE LUIS	36.025.241	14.255	425
ALONSO RODRIGUEZ ALFONSO	36.026.596	13.764	140
ALONSO VILA ANGEL	36.048.400	22.480	400
ALVAREZ CAMPOS DIEGO	36.063.869	21.083	230
ALVAREZ DOMINGUEZ MARIA J.	36.047.902	21.090	408
ALVAREZ GARCIA JAVIER	36.103.083	78.744	425
ALVAREZ PENA MARIA (2)	53.172.249	80.590	98
APARICIO GONZALEZ VICENTE	36.132.363	78.782	148

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº P.	€
ARAGUNDE HERMIDA JOSE C.	36.038.778	21.019	60
ARAGUNDE MARTÍNEZ AMELIA	35.412.792	7.210	408
ARAUJO SANCHEZ ANGELES	36.059.642	23.886	220
ARBONES LAGO GUILLERMO	36.109.406	77.022	425
ARGIBAY BARCIELA GONZALO	36.035.612	11.765	281
ARGIBAY CUSI DIEGO	36.073.019	78.745	425
ARIAS RODRIGUEZ DAMASO	36.048.490	22.786	331
BACELOS GONZALEZ JOSE	36.023.371	15.480	425
BARCIELA FERNANDEZ DORINDA	36.041.389	14.976	105
BARCIELA RIVERA MANUEL	36.117.922	77.044	289
BARCIELA SIMON BENITO	36.008.640	13.617	325
BASTOS BASOA ESTEBAN	53.177.737	79.373	280
BASTOS RODRIGUEZ FERNANDO	36.033.840	14.344	425
BECOÑA IGLESIAS LAUREANO	35.306.532	76.481	90
BERGES MARTINEZ PABLO	36.164.560	79.381	170
BERNARDEZ PEREZ SERAFIN	76.695.175	12.664	420
BLANCO PEREZ JOAQUIN	36.131.502	80.596	90
BORRAJO RODRIGUEZ ADOLFO	36.064.052	17.176	350
